



# Padrón

Concello de Padrón

CIF P1506600D

Rúa Longa, 27

15900 Padrón, A Coruña

correo@padron.gal

www.padron.gal

Tel: 981 81 04 51

Fax: 981 81 15 50

## DECRETO DO ALCALDE: CONVOCATORIA DE SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA O 31 DE OUTUBRO DE 2017.

Visto o convenio 321/2014 asinado coa Deputación Provincial no que se establece que o prazo para xustificar a execución da obra <<Proxecto modificado nº 2 de impulsión de augas do saneamento en Carcacía>>, non poderá en ningún caso exceder do 1 de novembro de 2017 e que iso implica a remisión ao Servizo provincial das certificacións debidamente aprobadas e pagadas.

De acordo co previsto nos artigos 112 e 113 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, o 49º do Regulamento orgánico municipal e na Resolución deste Alcalde número 474/2015, do 19 de xuño, modificada pola número 249/2017, do 6 de abril,

### RESOLVO:

**Primeiro.** Convocar sesión extraordinaria e urxente da **Xunta de Goberno Local** que terá lugar no Salón da Alcaldía da Casa Consistorial o vindeiro día **31 de outubro de 2017 (martes) ás 11:00 horas**, coa seguinte orde do día:

**1.- Ratificación da urxencia da convocatoria da sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local para o día 31 de outubro do 2017, ás 11:00 horas.**

**2.- Aprobación da certificación Núm. 1-parcial da obra: Proxecto modificado Nº2 de Impulsión de augas do saneamento en Carcacía.**

**3.- Aprobación da certificación Núm. 2-final da obra: Proxecto modificado Nº2 de Impulsión de augas do saneamento en Carcacía.**

**Segundo.** Dar traslado da presente Resolución á Intervención Municipal e dar conta da mesma ao Pleno da Corporación Municipal na primeira sesión ordinaria que se convoque.

**Terceiro.** Notificar a presente resolución a todas as persoas interesadas, coa indicación de que pon fin á vía administrativa e contra a cal poderase interpoñer:

- Potestativamente o recurso de reposición, no prazo máximo dun mes desde o día de recepción da notificación da presente resolución, ante o mesmo órgano que dictou o acto impugnado.
- Con posterioridade á resolución expresa ou presunta do recurso de reposición, ou ben directamente, poderase interpoñer recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses desde o día de recepción da notificación da presente resolución.
- O recurso extraordinario de revisión, segundo o previsto no artigo 113 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou calquera outro que estime procedente.